

Informe da enquisa ao estudiantado que accede a ECO no curso 2025-26

1. Datos xerais
2. Perfil do estudiantado
3. Nivel académico de entrada
4. Perfil estudiantado con nota de entrada igual ou menor a 8
5. Conclusións

1. DATOS XERAIS

- A enquisa foi contestada por 63 estudantes.
- O 92.1% deste estudiantado accedeu ao grao a través da PAU.
- O 61.9% do estudiantado que accede á titulación de ECO son homes, fronte ao 38.1% de mulleres.

Táboa 1. Estudiantado ECO que accede á titulación segundo procedencia

TOTAIS	Acceso			Preferencia	
	PAU	CICLO	OUTROS	1ª PREFERENCIA	OUTRA
63	58	3	2	49	14
	92.1%	4.8%	3.2%	77.8%	22.2%

2. PERFIL DO ESTUDANTADO

➤ Preferencia pola titulación

- Dos/as 63 estudantes entrevistados/as no grao de ECO, o 77.8% indican que esta era a súa primeira preferencia, mentres que o 22.2% restante se divide entre os que a escolleron coma 2ª opción (14.3%) e coma 3ª opción ou máis (7.9%).
- No relativo ao tipo de acceso, o 22.4% do estudiantado procedente das PAU, non escolleu ECO coma primeira opción.

Táboa 2. Estudiantado ECO segundo procedencia e preferencia de estudos

PAU		FP/Outro	
1ª preferencia		1ª preferencia	
Si	Non	Si	Non
77.6%	22.4%	80.0%	20.0%

- Se diferenciamos por homes/mulleres, a porcentaxe de alumnos que entran no grao en 1ª preferencia é superior no caso dos homes.

Táboa 3. Estudiantado ECO segundo a preferencia de estudos e sexo

	Mulleres	Homes	Total
1ª pref.	70.8%	82.1%	77.8%
2ª pref. ou máis	29.2%	17.9%	22.2%

- En relación aos motivos polos que se escolle a titulación de ECO como 1ª opción, podemos apreciar como a vocación, é dicir, interese xeral polo ámbito da Economía, e o pragmatismo que supoñen conxuntamente cerca do 80%. Por outra banda, é importante considerar as saídas laborais (6.1%), soamente presente nos homes, e a influencia do seu entorno (8.2%), máis acusada no caso das mulleres.

Táboa 4. Estudiantado ECO 1ª preferencia segundo o motivo da escolla

Motivo da escolla	Total (%)	Muller (%)	Home (%)
Vocación (interese xeral polo ámbito da economía /empresa)	61.2	70.6	56.3
Ten unha mellor e maior saída laboral	6.1		9.4
Pragmatismo, non tiña ningunha vocación clara	18.4	17.8	18.8
Influencia do meu entorno	8.2	11.8	6.3
A nota acadada non permite acceder a outra titulación	2.0		3.1
Outros motivos	4.1		6.3
<i>Total</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>

➤ Modalidade Bacharelato

- O 70.5% do estudantado enquisado de ECO procede do Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, mentres que a porcentaxe dos que cursaron o de Ciencias e Tecnoloxía é do 26.2%. Para o caso do Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais a porcentaxe de mulleres é 15 puntos superior á dos homes, mentres que para o outro Bacharelato comentado a porcentaxe é superior nos homes (case 16 puntos).
- O 76.7% do estudantado que cursou o Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais tivo ECO como primeira preferencia. Para o caso do Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía esta porcentaxe sube ata o 81.3%.

Táboa 5. Estudiantado ECO segundo bacharelato cursado e preferencia

	Total (%)	Muller (%)	Home (%)	1ª preferencia
Ciencias e tecnoloxía	26.2	16.7	32.4	81.3%
Humanidades e CC Sociais	70.5	79.2	64.9	76.7%
Outros	3.3	4.2	2.7	50.0%
<i>Total</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	

- Do estudantado que escolle a titulación como primeira opción, o interese xeral polo ámbito da Economía (vocación) é o principal motivo daqueles/as que cursaron tanto o Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais (57.6%) coma do bacharelato de Ciencias (61.5%). O pragmatismo constitúe outro motivo importante para o estudantado procedente das Humanidades e Ciencias Sociais e, en menor medida, as saídas laborais e a influencia do seu entorno. Destaca a importancia doutras motivacións, no caso dos homes procedentes do Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía (20.0%).

Táboa 6. Estudiantado ECO segundo bacharelato cursado e motivo de escolla (1ª preferencia)

Motivo da escolla	Total (%)			Muller (%)			Home (%)		
	Ciencias Tecnoloxía	Humanid. CC Sociais	Outros	Ciencias Tecnoloxía	Humanid. CC Sociais	Outros	Ciencias Tecnoloxía	Humanid. CC Sociais	Outros
Vocación	61.5	57.6	100.0	66.7	69.2	100.0	60.0	50.0	
Mellor e maior saída laboral		9.1						15.0	
Pragmatismo	7.7	24.2		33.3	15.4			30.0	
Influencia do meu entorno	7.7	9.1			15.4		10.0	5.0	
Sen acceso a outra titulación	7.7						10.0		
Outro	15.4						20.0		
<i>Total</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	-

➤ Coñecementos básicos previos

- A case totalidade do estudantado cursou Matemáticas no Bacharelato para as dúas modalidades maioritarias no acceso. É importante diferenciar entre as diferentes Matemáticas que hai segundo o Bacharelato que esteamos a considerar, pois actualmente podemos encontrar dúas modalidades: Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais e Matemáticas II. Cada Bacharelato leva asociada fundamentalmente unha delas.
- O 74.4% do estudantado que cursou o Bacharelato de Ciencias Sociais tivo contacto coa Estatística; cifra que é algo superior para aqueles/as que realizaron o Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía, chegando ao 81.3%.
- A diferenza fundamental recóllese nos coñecementos do ámbito económico para o estudantado procedente do bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía xa que moi poucos/as (31.%) ten realizado materias con contidos de Economía fronte á totalidade dos/as bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais.

Táboa 7. Estudiantado ECO segundo bacharelato cursado e coñecementos básicos previos

	Economía	Estatística	Matemáticas
	Si (%)	Si (%)	Si (%)
Ciencias e tecnoloxía	31.3	81.3	93.8
Humanidades e CC Sociais	100.0	74.4	90.7
Outros	0.0	100.0	50.0

➤ Outras características

- Aproximadamente o 94% do estudantado que ingresou no grao de ECO cursou o Bacharelato nun centro público.
- No relativo ás Bolsas, o 549.2% do estudantado declara que recibiu unha bolsa de estudo ou que está á espera de recibila. Deles/as, un 30.2% está a espera de recibila por estar pendente de resolución.
- O 87.3% do estudantado indica que non está a traballar paralelamente ao curso dos seus estudos. Por outra banda, dentro do grupo dos/as que traballan, un 87.5% declara traballar menos de 15 horas semanais.
- O 81.0% do estudantado informouse previamente sobre o título e os seus contidos. Deles/as 72.5% do estudantado informouse sobre o título na páxina web da USC, un 17.6% por amizades e familiares, un 5.9% polas charlas de orientación e un 3.9% por outras vías.

Táboa 8. Estudiantado ECO segundo tipo de centro do bacharelato

	Total (%)	Muller (%)	Home (%)
Público	93.5	91.7	94.7
Privado	6.5	8.3	5.3
Total	100.0	100.0	100.0

3. NIVEL ACADÉMICO DE ENTRADA


O dato que se emprega para medir o nivel académico é a nota de acceso ao grao. Esta, polo xeral, atópase sobre 14.

Con estes datos, a nota media de entrada ao grao de ECO é 9.16, sendo a nota máis alta de acceso un 13.10, mentres que a máis baixa é un 5.11. A nota media é algo superior no caso das mulleres (1.46 puntos).

Táboa 9. Nota media de entrada do estudantado.

Muller	Home	Total
9.71	8.82	9.16

Figura 1. Distribución das notas de acceso a ECO (nº de estudantes)




- Se temos en conta as preferencias, a nota media máis elevada atópase no grupo de estudantes que marcou a titulación de ECO como primeira preferencia, chegando ao 9.49. Por sexo, hai algunha diferenza, sendo as mulleres, as que teñen unha media superior (1 punto para a primeira preferencia e aproximadamente 1.3 puntos para a outra).

Táboa 10: Nota media segundo preferencia do alumno/a

Preferencia	Total	Muller	Home
1ª preferencia	9.49	10.14	9.14
2ª preferencia ou máis	8.10	8.72	7.47
Total	9.16	9.71	8.82

Figura 2. Distribución das notas medias de acceso a ECO segundo a orde de preferencia no acceso á titulación (1ª preferencia: Si/Non)



- Dentro do estudantado que escolleu a titulación de ECO como primeira opción, a nota de acceso en función da influencia do entorno do estudantado e outras motivacións son as máis altas seguidas do pragmatismo e a vocación. As saídas laborais soamente foron a principal motivación no caso dos homes.

Táboa 11. Nota media estudantado 1ª preferencia segundo motivo da escolla

Motivo da escolla	Total	Muller	Home
Vocación (interese xeral polo ámbito da economía /empresa)	9.36	10.14	8.99
Ten unha mellor e maior saída laboral	8.70		8.70
Pragmatismo, non tiña ningunha vocación clara	9.47	10.38	9.01
Influencia do meu contorno	10.86	10.94	10.77
A nota non me permitía acceder a outro título de interese	8.70		8.70
Outros motivos	10.95		10.95
	9.49	10.14	9.14

- Se temos en conta o bacharelato cursado é o estudantado que proven do Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais o que entra cunha nota media máis alta, 9.51, algo máis de medio punto maior que a media do grupo de estudantado que provén do bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía e claramente superior aos/ás que fixeron outros bacharelatos.

Táboa 12. Nota media estudantado segundo tipo de bacharelato

Tipo de bacharelato	Total	Muller	Home
Ciencias e Tecnoloxía	8.74	9.40	8.51
Humanidades e CC Sociais	9.51	9.95	9.16
Outros	5.80	6.50	5.11
Total	9.18	9.70	8.84

4. PERFIL ESTUDANTADO CON NOTA DE ENTRADA MENOR QUE 8

Na táboa 13 recóllense algunhas características do estudantado que accede á titulación de ECO coa nota máis baixa, concretamente nota inferior ao 8.

- Un 30% do estudantado accede cunha nota inferior a 8 puntos. O 53% deles/as proceden do bacharelato de Humanidades de Ciencias Sociais e un 61% deles/as acceden a esta titulación como primeira opción.
- Un 82.4 % provén de centros públicos e cerca dun 80% cursou materias de Estatística e Matemáticas. Sen embargo, soamente un 65% abordou contidos de Economía no bacharelato.
- Os motivos da escolla do título son maioritariamente vocacionais (73%) seguidos do pragmatismo (19%).
- Deste estudantado, o 11.1% traballa menos de 15 horas semanais e un 27.8% ten o está pendente dunha resolución de bolsa de estudos.

Táboa 13. Características estudantado con nota inferior a 8.

	Muller	Home	Total	%
Modalidade Bacharelato				
Ciencias e Tecnoloxía	6.80	6.46	6.51	35.3
Humanidades e CC Sociais	7.21	6.97	7.08	52.9
Outros	6.50	5.11	5.81	11.9
Primeira preferencia	5.95	6.90	6.91	61.1
Motivo da escolla				
Vocación	6.95	6.62	6.74	72.7
Pragmatismo		7.31	7.31	19.2
Ten unha mellor e maior saída laboral		7.50	7.50	9.1

5. A MODO DE CONCLUSIÓN

- O número de homes é superior ao número de mulleres (61.9%-38.1%).
- O grao de ECO foi escollido por unha ampla maioría como 1ª preferencia (77.8%) sendo esta porcentaxe superior entre os homes.
- O principal motivo de escolla da titulación é a vocación (61%) seguido do pragmatismo (18%) e en menor medida da influencia do entorno.
- A maioría do estudantado que accedeu á titulación (en torno ao 70.5%) cursou o Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, sendo maior esta incidencia no caso das mulleres.
- Case a totalidade do estudantado enquisado cursou materias de Matemáticas e contidos de Estatística durante o Bacharelato.
- As materias de Economía no Bacharelato foron seguidas por todo o estudantado procedente do Bacharelato en Humanidades e Ciencias Sociais e, en menor medida polo estudantado procedente do bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía.
- Unha ampla maioría cursou o Bacharelato en centros públicos (94%).
- A nota media de acceso ao grao de ECO foi 9.16, chegando a nota máis elevada a 13.10 e a máis baixa a 5.11. A nota media é aproximadamente 1 punto superior no caso das mulleres.
- A nota media de acceso é algo máis elevada para o estudantado que cursou o Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais.
- Un 30% do estudantado accedeu con notas inferiores a 8 puntos.